

FIGHT VIRUS



A LOITA CONTRA O CORONAVIRUS
E.F.NA CASA! 1º-2º



18

17

16

15

14

13

12

11

19

10

20

26

9

21

22

23

24

25

8

START

1

2



3

4

5

6

7



A LOITA CONTRA O COVID-19

PSICOMOTRICIDADE. NA CASA! Infantil

COLLE UN DADO, TÍRAO... E A XOGAR!

1. Andar coma un coche ou moto polo pasillo esquivando os rolos hixiánicos que poñades, Ida e volta.
2. Facer unha torre hixiénica con 10 rolos e sen que caia.
3. Facer un debuxo do Coronavirus.
4. Manter en equilibrio un rolo de papel hixiénico na palma da man, sen que caia e contando ata 5.
5. Enfermaches de covid! Tes que repousar, quedando unha vez sen tirar.
6. Sentarse en tódalas cadeiras, sofás que teñas na túa casa.
7. Bailar unha canción que máis che guste: Youtube, radio, cd, ou mesmo cantada por ti..
8. Atopaches unha vacina! De vacina a vacina e tiro porque me toca. Pasas a casilla 14 e volves tirar.
9. Reptar coma unha serpe por debaixo da cama do teu dormitorio.
10. Camareiro/a. Levar na palma da man un rolo de papel hixiénico polo pasillo, sen que caia.
11. Infectáchete co COVID! Debes gardar repouso, quedando unha vez sen tirar.
12. Encesto. Lanzar 5 rolos de papel hixiénico ao cesto da roupa, que estará situada a dous pasiños. Debes meter dous..
13. Atopar a mascarilla que enconderá outro xogador/a por medio das indicacións (frío:lonxe, témpero (preto), quente (moi preto) dar dela e poñela correctamente.
14. Atopaches unha nova vacina! De vacina a vacina e tiro porque me toca. Pasas a casilla 20 e volves tirar.
15. Pasar por debaixo da ponte que fagan os resto de xogadores (pernas abertas un detrás doutro).
16. Bailar unha canción do cantaxogos: bugui-bugui, Todo o mundo está de festa, Son unha taza ou calquera outra.
17. Lanzar un rolo de papel hixiénico cara arriba e collelo sen que caia
18. Facer cóxegas ao resto de xogadores. Ao rematar recibilas dos demais.
19. Saltar coma canguros polo pasillo levando o rolo hixiénico entre as pernas e sen que caia.
20. Atopaches unha nova vacina que che dará enerxía para lanzar de novo o dado.
21. Facer unha masaxe a un dos xogadores que escollas.
22. “Bolos hixiánicos”. Facer unha pirámide de “bolos” con rolos de papel hixiénico e derribalos con axuda doutro bolo lanzando a 2 metros. Terás 3 lanzamentos derribando como mínimo 2 bolos. Os bolos derribados vanse quitando.
23. Enfermáches co COVID-19! Deberás gardar repouso , quedando unha vez sen tirar.
24. Andar en cuadrupedia (a catro patas) polo pasillo ida e volta, colocando alfombras para non facerse dano.
25. Para vencer o COVID debes lavar moi ben as mans e a cara con auga e xabón.
26. Noraboa! Conseguiches a vacina definitiva coa que salvarás a humanidade.

Para o desenvolvemento do xogo debes recortar e escoller a ficha que máis vos guste. Do mesmo xeito debes recortar a medalla e coloreala para entregala ao gañador ou gañadores. A pásalo ben!

Para facer a medalla escolle un modelo e péga por diante e por detrás nunha cartulina ou cartón. Posteriormente un adulto que perfore para meter un cordón ou fio de lá a medida do gañador para poñela no pescozo.

Fichas para xogar:



Premios medallas: (debuxa no interior algo relacionado coa temática e coloreala)

